

**Número de identificación** \_\_\_\_\_

**1.-Consonte establece o artigo 21 da Constitución Española:**

- a) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas previa autorización pola autoridade competente en materia de seguridade.
- b) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas pero no caso de reunións en lugares públicos e manifestacións deberá ser previamente autorizada pola autoridade competente.
- c) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas pero no caso de reunións en lugares públicos e manifestacións darase comunicación previa á autoridades competente.
- d) Recoñécese o dereito de reunión pacífica e sen armas so en aqueles lugares non públicos.

**2.-Segundo o artigo 27 da Constitución Española, a ensinanza básica é :**

- a) Obrigatoria e non gratuíta.
- b) Gratuíta e non obrigatoria.
- c) Obrigatoria e gratuita.
- d) A Constitución Española de 1978 non fai referencia a como debe ser a ensinanza básica é unha cuestión que será regulada polas leis educativas.

**3.-Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local o servizo de biblioteca pública é un servizo:**

- a) Obrigatorio en todos os concellos.
- b) En todos os concellos de mais de 5.000 habitantes.
- c) So nos concellos de mais de 20.000 habitantes.
- d) So nos concellos de mais de 50.000 habitantes.

**4.-É unha competencia do Pleno da Corporación:**

- a) Ditar bandos.

b) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.

c) A aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competentes para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

d) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordo do Concello.

#### **5.-As sesións do Pleno:**

a) Terán sempre carácter público.

b) Terán carácter público excepto aquelas sesións de control dos órganos de goberno.

c) Terán carácter público, non obstante terán que ser en todo caso segredos, o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental do honor, intimidade e propia imaxe recoñecido no artigo 18 da Constitución Española.

d) Terán carácter público non obstante, poderán ser segredos o debate e votación de aqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental do honor, intimidade e propia imaxe recoñecido no artigo 18 da Constitución Española, se así o acorda o Pleno por maioría absoluta.

#### **6.-Segundo o previsto no artigo 70 da Lei 3972015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas forman parte do expediente administrativo:**

a) Os ditames

b) A información auxiliar contida en aplicacións ou ficheiros.

c) Os informes internos.

d) Os borradores.

#### **7.-Nos procedementos administrativos iniciados a solicitude do interesado e producida unha situación de silencio administrativo, a Administración á hora de adoptar unha resolución expresa verase vinculada polo silencio:**

a) En todo caso.

b) Nos casos que o silencio teña efectos estimatorios da solicitude.

c) So no suposto de que se trate dun recurso de alzada que se interpuxera contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo.

d) Nos casos que o silencio teña efectos desestimatorios da solicitude.

**8.-As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos requisitos previstos no artigo 40.2, surtirán efecto a partir da data na que o interesado:**

a) Realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ao acto obxecto da notificación, o interpoña calquera recurso que proceda.

b) Realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación ou interpoña calquera recurso que proceda en vía administrativa.

c) Realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación ou interpoña calquera recurso que proceda en vía xudicial.

d) Realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación e interpoñan calquera recurso que proceda.

**9.-Serán motivados, con sucinta referencia dos feitos e fundamentos de dereito aqueles actos administrativos: (sinala a resposta incorrecta):**

a) Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de redución de prazos e de realización de actuacións complementarias.

b) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados

c) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.

d) Os actos que resolvan procedementos de revisión de oficio de disposicións ou actos administrativos, recursos administrativos e procedementos de arbitraje e os que declaren a súa inadmisión.

**10.-O termo do inicio dos prazos nos procedementos administrativos fixados en meses ou anos computarase:**

a) A partir do día seguinte hábil a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

b) A partir do día seguinte a aquel en que teñan lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

c) A partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate se fora hábil, sendo en caso contrario o día anterior hábil.

d) A partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

**11.-O código numérico reconecido internacionalmente para a identificación das publicacións seriadas é:**

a) O ISBN.

b) O ISSN.

c) O ISPN.

d) O IPSN.

**12.-A Biblioteca de Galicia:**

a) É unha biblioteca privada de gran valor bibliográfico do Sistema Galego de Bibliotecas.

b) É a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas.

c) É unha biblioteca de acceso restrinxido ao público.

d) É a biblioteca cabeceira da Rede universitaria de bibliotecas de Galicia.

**13.-Cal das seguintes autoras é un referente destacado na literatura infantil galega?:**

a) Laura Gallego.

b) María Xosé Queizán.

c) Fina Casalderrey.

d) María Oruña.

**14.-Pola transformación do contido dos documentos podemos falar de:**

a) Documentos inéditos, públicos e reservados.

**b) Documentos primarios, secundarios e terciarios.**

c) Documentos periódicos ou seriados.

d) Documentos textuais e non textuais.

**15.- A orde correcta no proceso técnico de documentos é:**

**a) Rexistro, selado, catalogación e clasificación.**

b) Clasificación, catalogación, selado e rexistro.

c) Catalogación, clasificación, rexistro e selado.

d) Selado, catalogación, clasificación e rexistro.

**16.-Un directorio é un exemplo de :**

a) Documento primario.

**b) Documento secundario.**

c) Documento terciario.

d) Non é un documento.

**17.-A aplicación de técnicas que permiten a identificación, recuperación e control dos documentos na biblioteca é:**

a) A clasificación documental.

**b) O proceso técnico.**

c) A catalogación derivada.

d) A xestión de autoridades.

**18.-A Rede de Bibliotecas de Galicia é:**

- a) Un sistema de bibliotecas de titularidade pública e privada.
- b) Un sistema de bibliotecas de titularidade pública local dependentes de concellos ou entidades públicas locais galegas.
- c) O conxunto de bibliotecas galegas que loitan por unha planificación dos servizos bibliotecarios.
- d) O conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública.

**19.- A Bibliografía española:**

- a) Recolle os rexistros bibliográficos dos documentos publicados en España.
- b) Recolle os rexistros bibliográficos dos documentos publicados en España e en Hispanoamérica.
- c) Recolle os rexistros bibliográficos dos documentos publicados en español en España.
- d) Recolle os rexistros bibliográficos dos documentos publicados en español no mundo.

**20.- Cal das seguintes editoriais non está especializada en literatura infantil?:**

- a) Kalandraka.
- b) Kókinos.
- c) Tramuntana.
- d) Carfax.

**21.- O préstamo intebibliotecario é máis fácil grazas a existencia de:**

- a) Centrais de compra de documentos.
- b) Catálogos colectivos.
- c) Guías de lectura.

d) Elaboración de desideratas.

**22.-A operación técnica de avaliación crítica da colección con vista á retirada de exemplares, previa selección, para garantir unha colección de calidade e pertinente para os seus usuarios é :**

a) O expurgo.

b) A catalogación derivada.

c) A avaliación da colección.

d) A xestión de doazóns.

**23.-A xestión de autoridades:**

a) É un proceso dinámico que se nutre de novos datos que esixen revisións constantes.

b) É un proceso estable que non se nutre de novos datos que esixen revisións constantes.

c) Non se leva a cabo nas bibliotecas, só nos arquivos.

d) É un proceso dinámico que non se nutre de novos datos que esixen revisións constantes.

**24.-A autoría das “Pautas para edificios de bibliotecas” pertence a:**

a) ISO.

b) EBLIDA.

c) IFLA.

d) AENOR.

**25.-A CDU é:**

a) Un sistema de adquisición compartida.

b) Un sistema de clasificación bibliográfica de todo o coñecemento humano.

c) Un sistema de préstamo bibliotecario con notación alfanumérica.

d) Un sistema de avaliación de documentos.

**26.-“Congresos e asembleas” é un exemplo de:**

a) Subencabezamento topográfico.

b) Subencabezamento de forma.

c) Subencabezamento de materia.

d) Subencabezamento cronolóxico.

**27.-Non son obras con dereitos de autor:**

a) As normas xurídicas.

b) Sentenzas dos tribunais.

c) As creacións orixinais

d) A forma de interpretar o personaxe dunha obra.

**28.-Que publicación en liña está excluída do depósito legal?**

a) Os servidores a partir dos cales se difunden ás redes electrónicas.

b) Os ficheiros de datos de carácter persoal.

c) O dominio que alberga a publicación

d) Todas son correctas.

**29.-Entre as seguintes, indica cal é un tipo de linguaxe precoordinado.**

a) Tesauros.

b) Listas de cabezallos de materias.

c) Listas de descritores libres

d) Listas de palabras craves.



**30.-As RDA (Resource Description and Access) é o novo código de catalogación que substitúe a:**

- a) ISBD.
- b) MARC 21.
- c) AACR2.
- d) IBERMARC

**31.-Os dereitos de autor son independentes, compatibles e acumulables con:**

- a) A propiedade e outros dereitos que teña por obxecto a cousa material á que está incorporada a creación intelectual.
- b) Os dereitos de propiedade industrial que poida existir sobre a obra.
- c) As dous anteriores son certas
- d) As dúas primeiras son falsas.

**32.-O OPAC (Online Public Access Catalog), é normalmente parte do sistema integrado de xestión bibliotecaria e está destinado fundamentalmente:**

- a) Ao persoal bibliotecario para facilitar as procuras de documentos.
- b) Ás editoriais para facilitar a catalogación dos seus libros.
- c) Ao público usuario das bibliotecas.
- d) Ningunha das anteriores é certa.

**33.-A contorna que utiliza unha persoa traballadora para conectarse dentro da súa empresa a través de Internet denomínase:**

- a) Extranet.
- b) Intranet.
- c) Rednet
- d) Enred.

**34.-Nun rexistro, cal é o campo IBERMARC que indica o ano de publicación?**

- a) 100
- b) 260**
- c) 300
- d) 650

**35.-Un conxunto de referencias bibliográficas ordenadas, que describe unha colección concreta e que indica a localización do documento, denomínase:**

- a) Catálogo.**
- b) Bibliografía
- c) Índice
- d) CDU

**36.-Segundo as regras de catalogación, o título adoptado para catalogar unha obra que é coñecida por varios títulos denomínase:**

- a) Título crave.
- b) Título propiamente este.
- c) Título uniforme**
- d) Título adaptado.

**37.-Cal é o formato de normalización bibliográfica utilizado actualmente pola Biblioteca Nacional?**

- a) Ibermarc
- b) Marc 21**
- c) Marc 20
- d) Hispamarc

**38.-Os “captchas” son:**

- a) **Sistemas de recoñecemento para saber se o usuario que está acceder a unha aplicación é humano ou unha máquina.**
- b) Buscadores de material electrónico en todo tipo de soportes.
- c) Programas informáticos para a edición dixital de libros.
- d) Relacións de vídeo dixital.

**39.-Unha destas publicacións non está suxeita á obrigaón do Depósito Legal:**

- a) Libros.
- b) Folletos.
- c) Fotografías editadas.
- d) **Selos de correos.**

**40.-As linguaxes documentais son:**

- a) Normas para descriión de documentos.
- b) Normas para a supervisión de imaxes en movemento.
- c) **Os que se usan para describir o contido dos documentos.**
- d) Os que se usan na linguaxe audiovisual.

**41.-Un catálogo colectivo é:**

- a) Unha relación de documentos sobre unha materia concreta.
- b) Unha relación de libros de diferentes autores.
- c) Un inventario de documentos pertencentes a varias bibliotecas.
- d) **Un inventario de asentos catalográficos de documentos de varias bibliotecas.**

**42.-Segundo a lei Lei 5/2012, do 15 de xuño, son funcións das bibliotecas de Galicia:**

- a) Favorecer a investigación científica e bibliográfica de carácter universal.
- b) Reunir, conservar e difundir as publicacións oficiais das institucións públicas galegas.
- c) Crear e manter un repositorio do patrimonio dixital galego.
- d) **Todas as anteriores son correctas.**

**43.- Cales das seguintes, son recomendacións para o uso continuado de pantallas de visualización de datos na prevención de riscos laboráis:**

- a) A mesa de traballo onde esté a pantalla, debe ter dimensións suficientes para permitir ao traballador unha posición cómoda e unha colocación flexible da pantalla, do teclado, os documentos e accesorios.
- b) Débense evitar reflexos de focos luminosos sobre a pantalla. Hai que orientar as pantallas, evitando colocalas diante ou detrás de xanelas. Se iso non fose posible, pódense evitando os reflexos con persianas, cortinas, estores...
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**
- d) As respostas a) e b) son falsas.

**44.-Que son as ISBD?**

- a) **Normas internacionais de descrición bibliográfica.**
- b) Números internacionais normalizados para a identificación de publicacións oficiais.
- c) Normas internacionais de préstamo interbibliotecario.
- d) Números internacionais normalizados para a identificación de libros.

**45.-O conxunto de actividades pedagóxicas dirixidas a orientar ao lector na eficaz utilización dos recursos e servizos que a biblioteca ofrece denomínase:**

- a) Información bibliográfica.
- b) Difusión selectiva da información.
- c) Servizo de referencia.

d) Formación de usuarios.

**46.-As exposicións levadas a cabo nas bibliotecas enmárcanse dentro das actividades de:**

- a) Extensión bibliotecaria.
- b) Difusión selectiva da información
- c) Extensión cultural.
- d) Animación á lectura.

**47.-Cal é o servizo que as Bibliotecas ofrecen aos seus lectores, non só dos fondos propios, senón tamén os doutras bibliotecas?**

- a) A extensión bibliotecaria.
- b) A formación de usuarios.
- c) O préstamo interbibliotecario.
- d) A difusión selectiva da información.

**48.-O formato internacionalmente aceptado na presentación dos distintos datos bibliográficos nos asentos é:**

- a) Z39.50
- b) ISBD
- c) ISBN
- d) ISDI

**49.-“Pregunte: a Biblioteca responde” é:**

- a) Un servizo de referencia virtual xestionado polas bibliotecas universitarias
- b) Un servizo de referencia virtual cooperativo entre bibliotecas de diferentes comunidades autónomas.
- c) Un servizo de referencia característico de todas as bibliotecas españolas e iberoamericanas.

d) Todas as anteriores son correctas.

**50.-O servizo de desiderata é:**

- a) Unha petición de préstamo.
- b) Unha petición dun documento que non se atopa na biblioteca efectuada por unha persoa usuaria.
- c) Unha pregunta de información de referencia.
- d) Unha consulta por escrito.

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

**1.- A declaración de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos, requirirá:**

- a) Recabar ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma.
- b) Impugnación ante a Xurisdición Contencioso – Administrativa.
- c) Recabar Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma e posterior impugnación ante a Xurisdición Contencioso – Administrativa.
- d) Declar a lesividade de ditos actos, previo ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma e a súa posterior impugnación ante a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

**2.-A rede de Bibliotecas Públicas de Galicia terá a seguinte estrutura:**

- a) Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas municipais territoriais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas privadas.
- b) Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas municipais territoriais, bibliotecas de proximidade, bibliotecas privadas e bibliotecas locais.
- c) Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade e bibliotecas privadas.
- d) Bibliotecas centrais territoriais, bibliotecas centrais municipais, bibliotecas de proximidade, bibliotecas locais e servizos bibliotecarios móbiles.

**3.-As ISBD permiten describir os documentos con diferentes niveles de profundidade:**

- a) Verdadeiro.
- b) Falso.
- c) Só nalgún tipo de bibliotecas.
- d) Só para certos documentos.

**4.-O módulo que permite que os usuarios das bibliotecas podan acceder mediante calquera navegador web aos fondos, realizar préstamos e xestionar reservas é o:**

- a) Opacsoc.
- b) Opacweb.
- c) Opacdoc.
- d) Webdoc.

**5.-Dentro do organigrama do Ministerio de Cultura de España a xestión da propiedade intelectual depende de:**

- a) A Dirección Xeral de Políticas e Industrias Culturais.
- b) A Dirección Xeral de Belas Artes e Patrimonio Cultural.
- c) A Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas.



d) A Secretaría Xeral Técnica.